

25

anos educando

I.E.S. ELVIÑA

1977-2002

O QUE PASABA EN 1990

NO MUNDO:



O Goberno da Unión Soviética comeza a recibir demandas de independencia das repúblicas bálticas.

Margaret Thatcher dimite como primeira ministra de Gran Bretaña tras masivas protestas pola subida de impostos.

As tropas de Iraq invaden Kuwait.

Os parlamentos das repúblicas de Bosnia e Croacia deciden escindirse da federación de Iugoslavia.

Violeta Chamorro vence nas eleccións de Nicaragua.

Patrício Alwin sucede a Pinochet na presidencia de Chile.

En Panamá, o xeneral Noriega entrégase ás tropas norteamericanas.

Volve fracasar un novo golpe de Estado en Arxentina, nesta ocasión contra Carlos Menem.

Alberto Fujimori vence nas eleccións peruanas.

Anúnciase en Sudáfrica a legalización do Congreso Nacional Africano e a liberación de Nelson Mandela.

EN GALICIA:




Créanse as novas universidades galegas de Vigo e A Coruña.

Inícianse as autovías á Meseta.

Laiemento e a revista de pensamento "A Trabe de ouro" inician a súa andaina editorial.

O día das letras é adicado a Luis Pimentel.



EN ESPAÑA:




Dazaoito cidadáns cubanos refúxianse na embaixada de España en Cuba buscando asilo político.

Violentos enfrentamentos entre mineiros e a Policía pola reconversión de Hunosa.

Carlos Sáinz convértese no primeiro español que gaña o Campionato Mundial de Rallies.

Forte oposición contra a 'lei Corcuera', que permite á policía actuar sen mandato xudicial en casos de delito.

EN ELVIÑA:



Curso 90-91

Engádense baile de salón e danza-jazz ás actividades extraescolares do curso anterior.

Lévanse a cabo 30 visitas escolares con fins culturais.

O Centro Elviña queda 2º clasificado no Campionato Galego de Natación (en

idade escolar).

No Teatro Colón os alumnos asisten á representación de "Yerma" polo Teatro Dramático Galego. Nas VIII xornadas nacionais de Teatro greco-latino a obra "Asinaria", do Grupo Sardiña, foi seleccionada como a mellor obra representada.

Campaña de Animación á lectura organizada polo departamento de Lingua Galega.

Impartido polo profesor D. Rafael García Ramos, realizouse un cursiño sobre Institucións Mercantís: a Bolsa, Títulos, Valores, Ingresos e Seguros.

Excursión Fin de Bacharelato a Palma de Mallorca cunha novedade: propiciou uns intercambios culturais e deportivos cos I.B: Mixto nº 7 de Palma e o I.B. Berenguer D'Anoia de Inca.

Intercambio cultural dentro do Programa Europa Xove, con cinco alumnos de EE.UU. e un de Dinamarca.

Ciclo de video coordinado por D. Pedro Souto.

Conferencia sobre Cunqueiro do profesor Cesár Morán.

O 18 de maio cinco alumnos deste Centro participan na decoración da valla do Museo de Belas Artes. Acadan o Primeiro Premio, consistente nun lote de libros que doan á biblioteca do I.B.